

## **ORDE DO DÍA**

### **1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.**

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

### **2º.: Aprobación das contas anuais correspondente ao exercicio 2023.**

O tesoureiro procede a explicar detalladamente as distintas partes das Contas Anuais 2023:

- *Conta de Perdas e Ganancias – Anexo 1*

Neste exercicio 2023 tivemos uns ingresos federativos que ascenderon a 383.858,63€, uns ingresos de explotación de 166.876,38€ e outros resultados (ingresos excepcionais) por importe de 17,00€. En canto aos gastos, tivemos uns gastos de persoal de -68.719,81€, uns gastos de explotación que ascenderon a -461.760,27€ e unha Amortización do inmovilizado por importe de -16.152,92€.

A suma de estes apartados deunos un Resultado de Explotación de 4.119,01€.

E por outro lado, tivemos uns ingresos financeiros de 3,70€ e un deterioro por enaxenacións de instrumentos financeiros (subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio) que ascenderon a 6.900,00€.

A suma do Resultado de Explotación e destas dúas últimas partidas, deunos como Resultado do Exercicio 2023 un importe de 11.022,71€ (Beneficios).

- *Balance de Situación - Anexo 2*

No exercicio 2023 contamos cun activo non corrente de 76.812,85€ e un activo corrente de 233.586,25€, sumando un Total Activo de 310.399,10€. Por outro lado, temos un patrimonio neto de 303.719,16€, un pasivo non corrente de 0,00€ e un pasivo corrente de 6.679,94€, sumando un Total de Patrimonio neto e Pasivo de 310.399,10€.

- Memoria Económica 2023 - [Anexo 3](#)

A memoria económica desta Federación detalla as actividades realizadas por esta entidade así como os recursos económicos destinados a cada fin.

Ao igual que nos puntos anteriores, o tesoureiro explica pormenorizadamente os distintos apartados da memoria adxunta.

Unha vez explicados estes puntos, así como tras resolver dúbidas e preguntas que xurdiron durante a explicación, solicítase á Asemblea a aprobación das Contas anuais 2023. Con respecto á aplicación de resultados solicítase á Asemblea destinar os beneficios obtidos en 2023, que ascenderon a 11.022,71 euros a incrementar a partida de Remanente do Patrimonio Neto do Balance.

Procédese á votación, quedando aprobadas por unanimidade tanto as Contas Anuais como a aplicación de resultados.

### **3º.: Aprobación da Memoria Deportiva do 2023.**

Procédese á lectura de Memoria Deportiva da tempada 2023.

Toda a información relativa a gastos Xerais está recollida na nosa web no apartado de Lei de Transparencia onde temos un apartado de información económica.

No apartado de Actividade ordinaria destacamos o peche do ano 2023 cun total de 6.597 licenzas federativas desglosadas por modalidade e por tipo de licenza no documento adxunto [Anexo 4](#). No ano 2023 tivemos 40 clubs con licenza homologada pola RFEG e 37 clubs e/ou escolas autonómicas.

En cuanto ao apartado de competicións recollemos as 25 competicións autonómicas nas distintas modalidades da ximnasia. Participamos en 14 campionatos nacionais, sendo Galicia sede de tres deles. O Campionato de España Individual e clubs Divina Seguros e Nacional Base de Ximnasia Trampolín e o Campionato de España Divina Seguros e Nacional Base de Ximnasia Acrobática ambos celebrados en Pontevedra, ademais do Campionato de España de Equipos Iberdrola e 2ª Fase Copa de España de Conxuntos Iberdrola celebrado en Ourense.

Recollemos a Liga de Estética que no ano 2023 non estaba recollida como modalidade na RFEG pero sí estaba recollida en diversas comunidades realizamos unha Liga intercomunidades con tres fases e unha final. O presidente desta Federación realiza una aclaración neste punto, informando ós asistentes de que esta modalidade xa se encontra adherida á RFEG, sendo efectivo este cambio desde principios do ano 2024.

Con respecto ao programa de Tecnificación recollemos as liñas xerais de actuación e a nivel particular o realizado na tempada 2023 por parte de cada comité técnico.

No programa relativo a Deporte Escolar salientar o incremento de participación en tódalas modalidades sendo notable nas modalidades de rítmica e artística. No arquivo adxunto [Anexo 4](#) podemos ver con detalle cada campionato coa súa participación.

A Copa Deputación é un proxecto patrocinado pola Deputación de Ourense apoiando o deporte de base así como achegar a ximnasia aos núcleos rurais. A competición realízase nas modalidades de Ximnasia Rítmica, Acrobática e Trampolín así como en exhibicións das distintas modalidades de ximnasia xeral e estética.

Destacar tamén o incremento de participación no campionato de Promoción e Prebase recollido na táboa explicativa do arquivo adxunto.

No programa relativo a competicións Internacionais salientar que a modalidade de ximnasia con maior proxección internacional é a Ximnasia Trampolín con resultados salientables a nivel internacional. Recoller tamén as nosas Copas Galicia Internacionais nas modalidades de Trampolín e Acrobática.

No programa de Docencia recolleamos os cursos de adestradores de I Nivel de X. Rítmica e II Nivel de X. Rítmica e Trampolín. O curso de Xuíces realizado o 2023 foi o nivel 2 de X. Trampolín.

Para finalizar a memoria recolleamos galería de Imaxes e cartelería recollendo o uso das imaxes corporativas así como momentos dos campionatos autonómicos, nacionais e internacionais celebrados na tempada 2023.

Procédese á votación, quedando aprobada por unanimidade a Memoria Deportiva do 2023.

#### **4º.: Aprobación do calendario de Actividades 2024.**

Presentamos o calendario de Actividades previstas para esta tempada 2024. Adxuntamos [Anexo 5](#).

Apróbase o calendario por unanimidade dos membros presentes.

#### **5º.: Suxerencias e preguntas.**

Non hai alegacións neste punto da orde do día.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 13:15 horas do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación.

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Ferreiro Amoedo

Ourense, 11 de marzo de 2024